

Á SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. XUNTA DE GALICIA

AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
CONSELLARÍA DE SANIDADE. XUNTA DE GALICIA

As Organizacións Sindicais CIG-Saúde, CSIF, CCOO e UGT deciden convocar Folga Legal no ámbito da Atención Primaria, tanto nos Servizos e Unidades como nos Puntos de Atención Continuada (PACs), nos 14 distritos das 7 áreas sanitarias que recolle o artigo 68 da LEI 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O ámbito da folga afectará a todo o persoal, de tódalas categorías que prestan os seus servizos nos Centros de Saúde e nos Puntos de Atención Continuada do SERGAS, incluído o persoal residente.

A FOLGA desenvolverase desde ás 8 horas do día 26 de novembro de 2025 ata as 8 horas do día 27 de novembro do 2025.

Mediante a presente convocatoria de FOLGA, as Organizacións Sindicais convocantes queremos poñer de manifesto diante da Administración Sanitaria e da opinión pública a nosa preocupación pola situación que se está a vivir no conxunto da Atención Primaria, e solicitamos que se abra un marco de negociación ca administración co obxectivo de conseguir unha Atención Primaria digna, co orzamento e os recursos humanos necesarios para facer o seu traballo en condición de dignidade tanto para os pacientes como para as e os profesionais.

Polo que solicitamos o seguinte:

1. A retirada inmediata da proposta de medidas presentadas na mesa sectorial o pasado 17 de outubro de 2025.
2. A retirada da categoría de FEAP e se elabore un plan de reconversión das prazas actuais de FEAP en prazas de médica/o de familia, garantindo a continuidade laboral das persoas afectadas e a cohesión do modelo asistencial de Atención Primaria.
3. A negociación na mesa sectorial do **Plan de Ordenación de Recursos Humanos** da atención primaria no prazo máximo de seis meses, que inclúa:
 - a. A entrega dos **datos desagregados por categorías** e por centro de saúde, que permitan unha análise obxectiva da situación real da Atención Primaria
 - b. Que a Consellería de Sanidade presente **propostas concretas de actuación**, diferenciando medidas a curto, medio e longo prazo, de forma clara e desenvolvida.
 - c. Que se faga unha análise das ratios de persoal existente por categorías nos distintos centros de saúde e PAC en relación ao **grao de desenvolvemento das competencias e das carteiras de servizos**, para coñecer cales son as necesidades reais de profesionais, e incluír no Plan de Ordenación de RRHH o número de profesionais necesarios/as para a posta en marcha das carteiras de servizos en todos os centros.
 - d. Que as **ratios entre profesionais de medicina de familia e de enfermeiras/os** sexan, como mínimo, de 1:1.
 - e. Que se aborde a situación do **persoal das áreas administrativas** de atención primaria, analizando as cargas de traballo existentes e se incrementen co persoal necesario.
 - f. Que se implementen as **categorías profesionais necesarias** para prestar unha asistencia sanitaria de calidade á poboación.
 - g. Actualizar o modelo retributivo **de todas as categorías** de atención primaria, **incorporando o pago por TIS modulado por idade e complexidade**, garantindo que non haxa perda retributiva con respecto ao modelo actual.
4. Que se desenvolva **o concurso específico da especialidade de enfermaría familiar e comunitaria**, e se negocie un plan plurianual de **reconversión de prazas** xerais de enfermeiro/a en prazas de enfermeiro/a especialista, tanto de familia como de pediatría, na atención primaria.

5. Que **se consolide o transporte** para as persoas traballadoras que fan os domicilios de AP.
6. Que se aplique **o complemento retributivo de soidade e illamento (F e G)** a todas as categorías de Atención Primaria e que se elimine o requisito de residir no concello para poder aplicalo.
7. Que se regule que ao **persoal de PAC**, de medicina de familia e enfermía, se lle abonen as **prolongacións de xornada** realizadas nos centros de saúde coa cantidade equivalente ao valor da modalidade de prolongación de xornada realizada.
8. Dotación e **renovación de recursos materiais** a centros de saúde e PACs.
9. **Estudo de carga asistencial dos PACs**, tendo en conta a dispersión, número de mobilizacións polo 061, distribución etaria; e dotación consecuenta de persoal (equipos completos) que fagan posible que **non se supere a presión de 30 urxencias** por garda para cada un dos equipos. (Compromiso adoptado no acordo de fin de folga dos PACs, incumprido a día de hoxe).
10. **Que se aplique xa a redución de xornada** recollida no acordo do 20 de abril de 2023 a todo o persoal de atención primaria.
11. Solucionar o problema existente co **cómputo de xornada do persoal dos PACs** no referente ao desfrute de permisos e ITs e ao cómputo da xornada complementaria.
12. **Reducir a xornada complementaria obrigatoria** das 1570 horas de forma proporcional á redución de xornada do acordo do 20 de abril de 2023.
13. Incrementar o valor da **xornada complementaria do persoal enfermeiro** de PAC.
14. Incrementar o valor da **indemnización por manutención** do persoal de PAC.
15. Recoñecer a **retribución equivalente a festividade da noite do venres** no persoal médico de PAC.
16. Definir os **postos e centros de difícil cobertura** e negociar os incentivos para estes postos.
17. **Que se garanta que non se favorecerá nin facilitará desde a Consellería de Sanidade un modelo de homologación de titulacións extracomunitarias que devalúen a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria e que non se contratará a persoal sen a titulación da especialidade.**

Compostela, 7 de novembro de 2025.